

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: 11-15 maio

MATERIA:Lingua Galega

CURSO: 2º C-D

PROFESOR/A: ...Ana Belén.....

CONTACTO: abmr74@gmail.com

MÉTODO DE CORRECCIÓN: correccións na web, **excepto o Pasapalabra que se envía á profesora.**

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES

1. **Atopa un erro en cada listaxe de ditongos:**

- a) *Crecentes: xeito – iate – guante – ambiente. XEITO*
- b) *Decrecentes: moito – teito – oriental – Xaime. ORIENTAL*
- c) *Homoxéneos: sentiu – tesouro – puido – finxiu. TESOURO*

2. **Le o seguinte texto e contesta as preguntas:**

Segundo os científicos, as formigas apareceron na Terra hai uns 100 millóns de anos. As últimas informacións indican que na actualidade podería haber ao redor de 9 500 especies diferentes, e que a súa poboación total está próxima aos dez mil billóns.

Dado que o peso dunha formiga obreira varía entre 1 e 5 miligramos, cunha fácil operación matemática descubrimos que as formigas pesan practicamente o mesmo cós seres humanos que vivimos no planeta.

Pero en moitas rexións supérannos amplamente. E non só a nós, senón tamén ao resto das especies animais. Nas selvas húmidas brasileiras do Amazonas, por exemplo, o peso das formigas é catro veces máis grande có de todos os mamíferos, aves, anfibios e réptiles xuntos.

E iso que parecían tan pouquiña cousa! Esta visto que non se pode fiar un de ninguén...

- a) **Ten unha finalidade artística?** Non, só informativa
- b) **Pode interpretarse de diferentes maneiras, segundo a subxectividade do lector?** Non, é un texto obxectivo.
- c) **Conta feitos reais ou imaxinarios?** Reais.
- d) **Hai abundantes recursos estilísticos?** Non.
- e) **De acordo coas túas respostas, dirías que se trata dun texto literario ou non?** Non é un texto literario.